



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza  
Travesa dos Basquiños 9, baixo  
15.704 Santiago de Compostela  
Tfno e fax: 981-570099  
Correo: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)  
Páxina electrónica: [www.adega.info](http://www.adega.info)

Fins Eirexas Santamaria, con DNI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) GIF G15044811, con enderezo a efectos de notificación Travesa dos Basquiños 9, baixo, Santiago de Compostela (CP 15704),

### **EXPÓN:**

Que con data 09/08/2011 recibíuse na delegación de ADEGA - Trasancos un escrito da Demarcación de Costas de A Coruña, no que se solicita a esta entidade a emisión dun informe en relación coa tramitación da EIA dun proxecto construtivo na área da Frouxeira (Valdoviño-A Coruña) (**Anuncio Información pública Boletín Oficial del Estado 23 agosto 2011**) que se corresponde cos documentos:

***Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño (A Coruña) – Maio 2011.***

***Estudo de Impacto Ambiental. Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño (A Coruña) - Maio 2011.***

Realizada a análise de ambos os dous documentos, ADEGA expón as seguintes consideracións:

1. - Que a área afectada polo proxecto se enmarca nun dos tramos de maior biodiversidade e xeodiversidade do litoral galego, e probablemente nun dos tramos de maior interese para a conservación no ámbito da Rexión Biogeográfica Atlántica.

2. - Que a totalidade das actuacións formuladas no proxecto inciden nunha área costeira tipificada legalmente como Espazo Natural protexido, en virtude da súa declaración como **Humidal de Importancia internacional (Convenio de Ramsar, Lei 42/2007)**, **Lugar de Importancia Comunitaria (Directiva Hábitat)**, **Zona de Especial de Protección para as Aves (Directiva Aves)**, **Humidal Protexido e Zona Especial de Protección dos Valores Naturais (Lei 9/2001)**.

3. - Que a área afectada polo proxecto afecta de forma directa e indirecta sobre un elevado número de hábitats de interese comunitario, entre os que se atopan tipos de hábitats considerados pola DC 92/43/CEE como “hábitats prioritarios”. Así como un número igualmente importante de especies de flora e fauna silvestres, características, cando non exclusivas, da área litoral, que gozan do estatus de especies protexidas en virtude da Directiva Aves, Directiva Hábitat, da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e da Lei 9/2001 de Conservación da Natureza de Galicia.

4. - Que a delimitación do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT) no tramo afectado polo proxecto non responde aos criterios establecidos na Lei de Costas e o seu regulamento, ao deixar fóra deste parte da lagoa costeira (os marcos no bordo da lagoa costeira quedan mergullados no período ordinario de enchente), así como dunha importante superficie de sistema dunar, representado por dunas grises, e humidais temporais asociados a estes (o DPMT discorre dividindo artificialmente as áreas dunares, situándose de crista a crista, entre os cordóns fixos), áreas que son estritamente necesarias para asegurar a conservación de sistema praia-duna-lagoa.

5. - Considerando que as actuacións formuladas pola Demarcación de Costas en Galicia tiveron e teñen unha repercusión moi negativa sobre o estado de conservación dos hábitats costeiros e das poboacións de especies de flora e fauna protexida.

Constatando que as actuacións previas realizadas pola Demarcación de Costas de Galicia foron responsables da destrución e artificialización dunha parte significativa da marxe da lagoa costeira da Frouxeira, coa construción dun paseo marítimo onde se perderon centos de metros cadrados de hábitats prioritarios.

Constatando que as actuacións previas realizadas pola Demarcación de Costas de Galicia foron responsables da destrución dunha superficie moi significativa do sistema dunar, constituída por hábitats prioritarios, e de especies protexidas, para a construción dun aparcamento, así como coa consolidación de sendas e pistas ilegais, e a creación de pasarelas, que inciden de forma moi negativa sobre o estado de conservación deste sistema dunar.

Constatando que as actuacións destrutivas auspiciadas e executadas pola Demarcación de Costas de Galicia, constitúen un modelo que se repite noutros tramos costeiros, tanto de Costa Ártabra (Praias de San Xurxo, Doniños, Vilarrube), como doutros tramos litorais (Valcobo, Barrañán, Baldaio, Traba, Trece, Porto do Son, Boiro, etc, etc), cos mesmos efectos negativos sobre os tipos de hábitats de interese comunitario e prioritarios, e sobre as especies protexidas de flora e fauna silvestre.

6. - Constatando que a redacción do Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño, realizouse á marxe dos obxectivos de conservación dos mencionados espazos naturais, e de forma concreta dos requirimentos ecolóxicos establecidos para os tipos de hábitats protexidos e para os núcleos poboacionais das especies de flora e fauna silvestre, estritamente protexidos.

Constatando, que de acordo cos planos do proxecto Construtivo a área destruída de hábitats prioritarios dentro do espazo LIC Costa Ártabra supera os 23.000 m<sup>2</sup>.

7. - Constatando o incumprimento da Lei 3/1983 de Normalización Lingüística vixente, na páxina 10, Inventario Ambiental, o Ministerio de M.A. a través da Demarcación de Costas en Galiza utiliza unha bibliografía pre-constitucional agromada nunha etapa de negación de dereitos lingüísticos e de violenta imposición do castelán. Quer na ocultación da nosa lingua propia quer na deturpación da nosa toponimia como é o caso que nos ocupa *La Coruña, Vivero, Orense e Órdenes*. Na páxina 67 podemos contemplar á utilización de *El Ferrol del Caudillo*.

8. - Constatando igualmente que a redacción do Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño, carece dun modelo de sostenibilidade en relación ao uso público do espazo, e menos aínda unha avaliación da capacidade de carga do espazo.

Promovendo pola contra, un conxunto de medidas tendentes a fomentar de formar irracional e insostible o uso público do espazo, á marxe dos obxectivos e necesidades ecolóxicas e ambientais deste.

9. - Constatando que a pesar de desorbitado presuposto do proxecto, non existen ningunha medida que puidese considerarse como positiva ou necesaria para a conservación do espazo natural afectado, e da propia área litoral e en consecuencia coherente cos obxectivos de conservación e coas necesidades ecolóxicas dos hábitats e das especies protexidas.

10. - Constatando que as accións previstas no Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño, suporían, de levarse a cabo, unha grave alteración dunha área protexida que posúe a declaración de LIC, ZEPA, Humidal de Importancia internacional, Humidal Protexido e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais. Debido a que as actuacións formuladas afectan á área de maior valor ambiental destes espazos naturais, a súa integridade resultaría totalmente alterada. Alteración que afectaría directamente á cohesión da Rede Natura 2000 no territorio de Galicia, ao incidir sobre un dos espazos litorais de maior diversidade.

11. - Constatando que as accións previstas no Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño, supoñen unha afección directa e significativa, de carácter crítico, permanente e de improbable recuperación, sobre hábitats de interese comunitario (Anexo I da DC 92/43/CEE e da Lei 42/2007), tipificados como "hábitats prioritarios" (Dunas grises, Breixeiras costeiras de *Erica vagans*, Breixeiras sobre dunas) e indirecta sobre a Lagoa costeira, xa que o seu funcionamento ecolóxico está vinculado ao estado de conservación dos hábitats que forman parte do ecosistema dunar.

12. - Constando que as accións previstas no Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño, supoñen unha afección directa e significativa, de carácter crítico, permanentes e de improbable recuperación, sobre núcleos poboacionais de especies protexidas, e en concreto de *Antirrhinum majus subsp. linkianum* (Boiss. & Reuter) Rothm, especie catalogada en Perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas e da pílara

das dunas (*Charadrius alexandrinus*), especie incluída no Anexo I da Directiva Aves, e tipificada como vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

13. - Constando que o Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño, supón a introdución no espazo natural dun importante número de especies alóctonas: *Festuca ovina var duriuscula*, *Tamarix gallica*, *Chamaerops humilis*, xunto con variedades e formas de orixe antrópica propias de medios artificiais (*Festuca rubra spl.*; *Ray-Grass*, *Cynodon dactylon*) cuxa introdución no espazo protexido suporía unha mingua significativa no estado de conservación dos seus hábitats naturais, e especialmente daqueles tipificados como hábitats prioritarios.

Especies que ademais debido á súa valencia ecolóxica e as peculiares condicións desta área litoral, poderían a curto ou medio prazo comportarse como elementos invasores, contribuíndo á degradación dos hábitats prioritarios e dos núcleos poboacionais de especies protexidas de flora e fauna silvestre.

14. - Constatando que as accións previstas no Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño, incrementarían a carga física sobre a área protexida de forma irracional e insostible, provocando un incremento das afeccións ambientais que sofren os hábitats naturais, e especialmente os hábitats prioritarios e os seus compoñentes por pisoteo, circulación e estacionamento de vehículos, entrada de animais de compañía, entrada de especies alóctonas, etc, así como un incremento da perda de naturalidade causada pola iluminación artificial, que resulta totalmente innecesaria e que supón un claro dispendio dos presupostos públicos.

15. - Constatando que o plan elude calquera actuación sobre as áreas que esixen dunha urxente actuación dentro do espazo litoral e en concreto sobre a lagoa costeira da Frouxeira, ecosistema que dende a entrada en vigor da Lei de costas, sufriu unha progresiva degradación.

16. - Constatando que distintas autoridades con competencias en medio e xestión de espazos naturais, así como ONG, presentaron importantes alegacións fronte á execución do presente proxecto e que se recollen no estudo de EIA. Constatando que estas alegacións coinciden en indicar deficiencias tanto formais en relación coa falta de información ambiental, e coa identificación de valores ambientais e afeccións en relación ás zonas de maior interese ambiental, e en concreto sobre os hábitats e especies protexidas.

Constatando que nas devanditas alegacións se critica igualmente a inadecuada proposta para a construción de novos edificios, destinados a establecementos hoteleiros, no ámbito do espazo natural.

Evidenciamos que a Demarcación de Costas de Galicia no propio estudo de EIA, elude contestar directamente a estas alegacións, e sobre todo minimiza os efectos negativos que estas supoñen ao espazo natural.

En consecuencia, **o trámite agora aberto pola Demarcación de Costas de Galicia, faise a partir dun documento con graves deficiencias, e con actuacións que previsiblemente suporán unha grave alteración da integridade do espazo natural, e do estado de conservación dos hábitats**

**prioritarios e das especies protexidas de flora e fauna.** Plantexamento que supón un grave incumprimento da DC 92/43/CEE, DC 2009/147/CEE, da Lei 42/2007 e da Lei 9/2001.

17. - Constatando que na documentación presentada a exposición pública non existe ningunha referencia ao financiamento do proxecto. Constatando que a información achegada dá a entender que o proxecto é asumido e efectuado polo propio organismo estatal.

De forma sorprendente, constatamos a través dos medios de comunicación, que a Demarcación de Costas de Galicia, carece de presuposto real para executar as actuacións, e que pretende que o seu custo sexa asumido directa ou indirectamente polo concello de Valdoviño.

Consideramos que estes aspectos son esenciais na formulación do proxecto, e que deberían estar completamente definidos e formalizados antes de someter o proxecto a consulta pública.

**Por todo iso, ADEGA, insta as autoridades competentes a:**

**1. - Declarar o Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño (A Coruña) - Maio 2011, como incompatible cos obxectivos de conservación da área protexida e dos seus compoñentes naturais (hábitats prioritarios, especies protexidas de flora e fauna), procedendo á súa anulación inmediata, así como á anulación de todas as actuacións contempladas neste.**

5

O Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño (A Coruña) –Maio 2011, afecta directamente a coherencia da Rede Natura 2000 no litoral de Galicia e da propia Rexión Bio-xeográfica Atlántica

Afecta igualmente á integridade do LIC Costa Ártabra, e vulnera abertamente os obxectivos de creación deste espazo e das outras figuras de espazos naturais que posúe esta área litoral: Humidal de Importancia internacional-Ramsar, ZEPA, Humidal Protexido, Zona de Especial Protección dos Valores Naturais.

O Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño (A Coruña) – Maio 2011, de realizarse suporía unha afección directa e significativa de carácter crítico, permanente, e de recuperación incerta sobre os hábitats prioritarios: Duna gris, Breixeira costeira de *Erica vagans*, Breza sobre dunas e indirecta sobre a Lagoa Costeira.

Nestas circunstancias, e en conformidade coa DC 92/43/CEE e a Lei 42/2007, e tendo en conta que o desenvolvemento do proxecto non é necesario para a xestión da área protexida, e tampouco constitúe unha das excepcións de interese público de primeira orde indicadas nas mencionadas normativas, as AUTORIDADES AMBIENTAIS, deben desautorizar a execución do Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño (A Coruña) - Maio 2011

**2.-** Que se procede a avaliar, por un auditor ou experto independente, de forma urxente e inmediata a delimitación do DPMT, no litoral de A Coruña, procedendo á modificación naqueles casos, como na Frouxeira, onde se constata a exclusión

inxustificada de áreas conformadas por humidais costeiros, acantilados, ou sistemas dunares.

**3.-** Que se proceda a avaliar, por un auditor ou experto independente, de forma urxente e inmediata, as repercusións das obras realizadas pola Demarcación de Costas de Galicia nos espazos da Rede Natura 2000 e en especial en relación coa introdución de especies exóticas e a perda ou alteración de hábitats prioritarios e de especies protexidas de flora e fauna silvestre. Dando traslado á Dirección Xeral de Medio da Unión Europea dos resultados obtidos. E procedendo a depurar as responsabilidades que por lei puidesen derivarse.

**4.-** Instar ás autoridades competentes a formular e desenvolver actuacións que revertan na mellora do estado de conservación dos espazos naturais da área litoral galega, en coherencia co marco lexislativo actual, así como a xestionar de forma racional e sostible o uso público neste.

**5.-** E instar igualmente ás autoridades públicas, a xestionar de forma máis eficiente os recursos económicos, evitando propostas inútiles e con presupostos desorbitados. Nun período de crise social, con continuos recortes sociais, resulta pouco racional o mantemento de propostas, como a aquí formulada, que só supoñen unha dilapidación do diñeiro público.

# **I.- ANALISIS DETALLADO DO PROXECTO BASICO DE ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA FROUXEIRA. T.M. VALDOVIÑO (A CORUÑA) - MAIO 2011.**

## **1.- Información da área de actuación**

A información sobre o medio físico e natural do espazo resulta moi xenérica e pouco precisa. Estas limitacións son sobre todo notorias en relación a aqueles compoñentes da biodiversidade presentes na área e que posúen unha status de protección preciso. Non existe para estes unha correcta localización dos compoñentes ambientais, nin unha análise do seu estado de conservación e no seu caso, das necesidades para manter ou restaurar este.

## **2.- Obxectivos**

A súa redacción non é moi correcta, xa que se mesturan obxectivos concretos (1, 2, 3, 5, 7), con criterios de carácter construtivo, que por si mesmo non poden considerarse como obxectivos (4, 6).

O obxectivo 7, que aparece resaltado como un obxectivo final "Con esta intervención, se pretende o enriquecemento e aumento da demanda de calidade cara á zona", resulta improcedente, e entra en conflito directamente cos obxectivos de conservación derivados das figuras de espazo natural que posúe este tramo litoral.

Ningún dos obxectivos resulta necesario para a conservación do espazo. A maioría deles, son contrarios á súa integridade, así como a propiciar un estado de conservación favorable para os hábitats e as especies protexidas de flora e fauna silvestre.

A "Rexeneración ambiental e dunar mediante eliminación de especies alóctonas" podería ser unha medida positiva, pero o uso indiscriminado, como se formula no proxecto, de "achega de terra ou area e substrato vexetal onde sexan necesarios", resulta incongruente cos criterios de conservación. Esta medida ambiental ten ademais o obxecto de favorecer a formación dunha "pradaría" ou dunha "duna", a pradaría como ecosistema natural é unha formación específica do bioma temperado de América do Norte, non están presentes no territorio Atlántico Europeo. A plantación de especies autóctonas, como indica o proxecto, realízase con xenotipos alóctonos, actuación que non é adecuada nun espazo natural, e menos aínda nunha zona de elevada diversidade e fragilidade como é o caso da Frouxeira.

## **3. - Urbanismo**

O proxecto da Demarcación de Costas neste ámbito soamente recolle a información das normas subsidiarias (1990). Non achegando ningún tipo de información sobre a adecuación das unidades que figuran nestas en relación coa lexislación urbanística, aspectos sorprendente xa que coa aprobación da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do Parlamento de Galicia, do Solo, e

posteriormente da Lei estatal 6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do Solo e Valoracións, sufriron unha importante modificación.

Aspecto que aínda se incrementou coa modificación das normas urbanísticas derivadas da entrada en vigor do REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e fundamentalmente da **Lei 9/2002, do 30 de decembro, do Parlamento de Galicia, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia** [derrogada parcialmente por Lei 6/2008 de 19 de xuño. medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 30/6/2008). Lei 6/2007 de 11 de maio. medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG 16/5/2007). Lei 15/2004 de 29 de decembro. modificación dá Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 31/12/2004). modificada por Lei 15/2010 de 28 de decembro. medidas fiscais e administrativas (DOG 30/12/2010). Lei 2/2010 do 25 de marzo. medidas urxentes de modificación dá Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 31/3/2010). Lei 6/2008 de 19 de xuño. medidas urxentes en materia de vivenda e solo, pola que se modifica a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 30/6/2008). Lei 6/2007 de 11 de maio. medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG 16/5/2007). Lei 15/2004 de 29 de decembro. modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (DOG 31/12/2004)].

8

En consecuencia, a análise da situación urbanística dos terreos afectados polo proxecto construtivo da Demarcación de Costas de Galicia, carece de fundamento. E por conseguinte as determinacións que no proxecto se formulan non se axustan á normativa legal.

#### **4.- Actuacións previstas**

##### **4.1. - Afectados**

O proxecto inclúe unha relación de "Afectados" e de terreos "catastrais". Na devandita relación aparecen terreos de DPMT con titularidade de entidades de carácter privado. Situación totalmente anómala.

A selección das parcelas afectadas non se xustifica no proxecto. Máis aínda cando o mesmo obvia a inclusión de predios que posúen unha maior importancia para asegurar os obxectivos establecidos na Lei de Costas e os obxectivos específicos deste espazo natural protexido

##### **4.2. - Praia Pequena da Frouxeira**

Segundo o redactor do proxecto a primeira actuación formulada nesta zona é a eliminación de todo aquilo que pode ter valor ambiental, incluído hábitats prioritarios e núcleos de especies protexidas (Realízase a explanación e



rasanteo previo da zona de actuación), para despois formular, sen ter en conta en ningún momento a presenza destes compoñentes, a construción de beirarrúas, zonas verdes artificiais, zonas de aparcamento e zonas de accesos de vehículos ao longo de toda a Praia Pequena, e que se prolongan ata a glorieta existente no seu lado W, xa na Praia Grande.

Na área de actuación elimínanse en consecuencia calquera vestixio de naturalidade, malia que parte desta, forma parte do LIC Costa Artabra e do Espazo Natural Protexido ZEPVN – Costa Artabra. Entre os elementos eliminados cabe destacar a presenza de varias áreas ocupadas por hábitats de Dunas brancas, Dunas gris (prioritario), Breixeiras costeiras de *Erica vagans* (prioritario). En consecuencia, a alteración, cando non a eliminación destes hábitats, supón, un grave incumprimento da DC 92/43/CEE, da Lei 42/2007 e da Lei 9/2001.

A desnaturalización da área verase consolidada de forma permanente coa construción dun amplo aparcamento, camiños de acceso a este e sendas peonís. Os cambios formulados para os accesos (escaleiras) á praia pequena, non reducen a superficie de afección sobre esta, mantén o seu carácter artificial, e non corríxen a salvaxe condución que sofre o regato existente no seu extremo oriental.

En relación co aparcamento, segundo os planos achegados no proxecto, proxéctase a construción de 125 prazas para vehículos, das cales soamente 7 resérvanse para persoas con minusvalía. As 125 prazas formuladas para a praia pequena, máis as 173 prazas do aparcamento da Praia Grande, máis os 300 coches que habitualmente aparcan nos camiños de acceso entre ambas as dúas praias dános unha relación de 598 prazas, e por conseguinte dun número inxente de vehículos que se amontoa nunha área protexida, e a xestión dos cales debería orientarse en reducir o seu número nas zonas incluídas dentro da área protexida.

Os mapas achegados no proxecto, evidencian que a maioría das prazas de aparcamento proxectadas invaden terreos que forman parte da Rede Natura 2000 e do ENP Costa Artabra (96 prazas, das que 5 son para persoas con minusvalía), destas a metade (48 prazas sitúanse dentro de zona de servidume de protección). O resto das prazas sitúanse, fóra do espazo protexido e fóra da protección de costas, invadindo non obstante o leito dun río que desembocaba na Praia Pequena e que na actualidade se atopa entubado. Resulta paradoxal que o Ministerio de Medio Ambiente, en lugar de recuperar este río, e dotar de naturalidade o seu desaugadoiro na praia, plantexa un modelo construtivo que afianza a destrución do litoral e dos ríos.

A perda de naturalidade da área verase incrementada coa dotación de iluminación. Proposta que supón unha contaminación lumínica sobre o espazo natural innecesaria e un gasto desorbitado en consumo eléctrico que repercute sobre os presupostos públicos. O redactor do proxecto considera non obstante: "Para a iluminación estudáronse as incidencias desta sobre o medio, de maneira que a solución proposta é totalmente compatible con este, reducindo os impactos xerados e cumprindo a normativa esixida para zonas incluídas ou

próximas a espazos de grande valor natural". Non obstante para o deseño desta esta iluminación non se contemplan ningún aspecto de carácter paisaxístico ou ecolóxico, a formulación defendida polo redactor carece en consecuencia de rigor.

Resulta igualmente rechamante o uso de "cuarcita" na construción das beirarrúas. Esta tipo de pedra non está presente na zona onde predominan materiais de tipo gneis e metamórfico, caracterizados polos seus tons escuros. En consecuencia o uso de cuarcita, material totalmente alleo á zona, resulta inadecuado nun espazo natural.

Sorprendentemente o proxecto da Demarcación de Costas non contempla a eliminación daquelas edificacións que se atopan dentro da servidume de protección de Costas. E en concreto de dúas edificacións situadas no extremo NW da praia destinadas a vivenda e a establecemento de hostalaría, que se sitúan a menos de 10 m da liña do DPMT, e dificultan considerablemente o acceso á praia pola súa parte oriental.

O proxecto da Demarcación de Costas tampouco contempla a recuperación da naturalidade da canle fluvial que desauga na praia, o cal debido ás irracionais construcións da zona, e ás actuacións que no seu día promoveu e executou a propia Demarcación de Costas de Galicia, atópase totalmente entubado, e cunha conexión ao mar totalmente artificial.

10

O proxecto da Demarcación de Costas tampouco contempla a derruba dos muros que este mesmo organismo construíu para artificializar o bordo litoral, destruindo tanto formacións de acantilados, como espazos ocupados polo sistema praia - duna.

O modelo de uso público formulado pola Demarcación de Costas de Galicia é totalmente vetusto e contrario aos mínimos criterios que se deben contemplar na xestión dun territorio da singularidade e biodiversidade como A Frouxeira.

Desgraciadamente, a Praia Pequena de A Frouxeira, sufriu nas últimas décadas unha continua alteración, sendo na actualidade un mal exemplo dun urbanismo depredador, un exemplo do chamado feísmo litoral, con grandes edificios, algúns deles sen rematar, e cunha miserable dotación de accesos e servizos. O modelo de "urbanización" formulado pola Demarcación de Costas non vén a mellorar a situación, senón que polo contrario a empeora.

O aumento de prazas de aparcamento, nunha zona de colo de botella, illada da rede principal de estradas suporá un caos circulatorio no período estival, unha situación xa rexistrada na actualidade, e onde se puido constatar a dificultade de acceso a esta zona das ambulancias medicalizadas, por conseguinte, incrementar as prazas de aparcamento nesta, mantendo os paupérrimos camiños, non vén máis que a agravar unha situación insostible, a única solución da cal pasa por eliminar, no período estival, o tránsito e aparcamento de vehículos da zona

Por iso, non parece xustificado, que estas actuacións de urbanización sexan asumidas con cargo ao orzamento do Ministerio de Medio, e Medio Rural e Mariño. Salvo que as mesmas, levaran consigo a demolición dos edificios e camiños existentes, e a recuperación integral do tramo litoral.

### **4.3. Praia Grande e inmediacións do Lago**

Nesta zona formúlase: Previamente ao inicio das obras procédese á demolición das edificacións existentes (salvo a piscina), xunto cos peches, e pavimentos. Demóense as escaleiras existentes de acceso á Praia Grande, así como un tramo de paseo existente que invade o areal, para a posterior rexeneración deste.

Nas fotografías e mapas incluídos no proxecto da Demarcación de Costas aparecen nesta zona 3 edificacións.

A. - Edificación de madeira, constituída por dúas unidades, unha delas parcialmente incluída en zona de servidume de tránsito (Edificación 1-a UTM 568702 4829807), a segunda totalmente externa a esta (Edificación 1-B UTM 568714, 4829798), que corresponden a unha explotación de hostalaría de praia, na que se inclúe unha piscina, que parcialmente atópase incluída dentro da zona de servidume de tránsito (Edificación 1-C). Todas estas construcións están situadas dentro do espazo natural protexido. Construcións identificadas na parcela 11 do proxecto de 1.624 m, ocupando as edificacións 395 m<sup>2</sup>

B.- Unha edificación de bloques de formigón, o punto central do cal corresponde á coordenada UTM 568673 / 4828723 (Edificación 2), que se corresponde tamén a unha explotación de hostalaría, designada como "O Palmar", incluído no seu case totalidade dentro da servidume de tránsito. A construción queda situada integramente dentro do espazo natural protexido, e sinalada na parcela 13 do proxecto, cunha superficie de 419 m<sup>2</sup>, dos que 510 m<sup>2</sup> estarían supostamente edificadas.

C. - Unha edificación abandonada (Edificación 3) fóra do espazo natural, sinalada no proxecto na parcela nº 15, cunha superficie de 110 m<sup>2</sup> e unha edificación do 100%. A edificación queda fóra do ámbito do DPMT e da zona de servidume de tránsito, pero integrada na zona de servidume de protección.

A información sobre estas edificacións é nula no proxecto (xustificación legal da actuación, posibles acordos cos propietarios, pagamento de indemnizacións ou valor expropiativo, etc, etc). Como tamén é nula a información relativa ao uso da nova instalación de hostalaría que se pretende construír, á que se asociaría previsiblemente a piscina existente.

Neste sentido, cabe recordar unha recente actuación de Costas do Galicia, nesta mesma praia, onde tras eliminar un establecemento de hostalaría que invadía o DPMT, procedeu a construír un novo establecemento de hostalaría no propio DPMT. Esta acción que foi denunciada no seu momento por ADEGA, así como por outras ONG e partidos políticos, levou á Xunta de Galicia a

obrigar á Demarcación de Costas a derruír a construción, construíndo esta finalmente na zona de servidume de tránsito, e reducindo o seu volume. O establecemento unha vez construído foi cedido pola Demarcación de Costas de Galicia, ao concello de Valdoviño, quen externalizou a súa explotación.

O novo local de hostalaría creado pola Demarcación de Costas de Galicia, segue en consecuencia ocupando zona de servidume de tránsito. O volume construtivo viuse ampliado de forma anómala coa situación dun grande container metálico, situado permanentemente na zona de servidume de tránsito.

Non obstante, o aspecto máis grave é a súa situación, xa que o novo edificio incide sobre unha área conformada por dunas brancas e grises, que dende a creación deste establecemento se degradaron de forma significativa, por o pisoteo de persoas e animais de compañía, así como pola instalación de mesas e paraventos. A Demarcación de Costas de Galicia non formulou no proxecto, nin executou posteriormente, ningunha actuación para mitigar ou reducir estes efectos negativos, nin tampouco actuou sobre aquelas persoas que vulnerando a lei, provocan unha destrución dos sistemas dunares.

Esta mesma estratexia se formula agora en relación cos establecementos existentes no extremo oriental da Praia Grande da Frouxeira (Edificación-1 A 1B e Edificación -C), que serán derruídos para construír un novo. A proposta non pode considerarse como unha mellora ambiental, nin supón unha neta liberación de estruturas artificiais sobre a zona de protección de costas.

12

A nova construción, o mantemento da piscina, a creación dun grande aparcamento, unidos aos aberrantes paseos e camiños deseñados, xunto coa construción dunha nova edificación para os vixilantes, supoñen un considerable incremento na perda de naturalidade desta zona. Que ven marcada pola total destrución das pequenas representacións de tipos de hábitats naturais que persisten entre as construcións existentes, entre elas, unha representación do hábitat prioritario Brezal costeiro de *Erica vagans*.

En ningún caso se xustificaría como unha recuperación ambiental. A rexeneración final do areal, formulado como obxectivo do proxecto nesta zona, é do 0%.

Tampouco resulta moi xustificable proceder a expropiar e indemnizar un propietario dun establecemento que invade parcialmente a zona de servidume de tránsito, para tras a demolición das construcións existentes (1-a, 1-B), volver construír unha nova, e manter a mesma actividade económica, incluíndo a explotación da piscina. Todo iso cun desembolso considerable de diñeiro público.

A expropiación da parcela e a última edificación (Edificación 3), aínda que é xustificable, non debería ser asumida con cargo aos presupostos do Ministerio de Medio. A Demarcación de Costas de Galicia debería de proceder a que o abono desta obra recaese directamente sobre os seus propietarios ou polo organismo substantivo da Xunta de Galicia, tras a apertura do correspondente

expediente. Carece de sentido que esta actuación se efectúe con presupostos do Ministerio de Medio Ambiente, máis aínda, cando no proxecto non se indica que a superficie da parcela se incorpora de forma efectiva ao DPMT.

Como se indicou anteriormente, o proxecto da Demarcación de Costas de Galicia, elude actuacións sobre outro tipo de construcións o impacto efectivo das cales sobre a paisaxe, os accesos, ou sobre o estado de conservación dos ecosistemas é moito máis importante. Á exclusión das construcións non consideradas na praia pequena, únense un número moi importante de edificacións situadas dentro da servidume de protección de costas existentes na praia grande e nas inmediacións da lagoa costeira, todas elas destinadas a vivendas, todas elas fóra das áreas urbanas establecidas nas normas subsidiarias de Valdoviño.

Neste sentido, debemos resaltar que nesta mesma zona existe un número importante de edificacións que invaden a zona de protección de costas. No extremo oriental de A Saiña, atópanse varias edificacións. Dous delas teñen emprazadas as súas fachadas a menos de 10 metros do límite do DPMT. Construcións que albergan vivendas e negocios de hostalaría. As devanditas vivendas constitúen ademais un auténtico impedimento para a circulación de vehículos, ademais dun dos exemplos máis elocuentes da falta de protección urbanística e paisaxística do litoral galego. Esta área non reúne as condicións para ser consideradas urbanísticamente como solo urbano. De calquera modo, a distancia destas construcións de vivendas ao DPMT constitúe unha clara vulneración da Lei de Costas.

13

Un segundo grupo de construcións que invade o ámbito da zona de protección de costas sitúanse no extremo Oeste da praia grande. Nesta zona atópanse un conxunto de galpóns, destinados a vivenda ocasional, distribuídos a xeito dunha pequena urbanización. Na zona de protección de costas, inclúese igualmente parte do cámping, así como unha escola infantil, esta última, dificilmente xustificable coa Lei de Costas.

Seguindo a marxe do DPMT ao longo da periferia do vaso lagunar, aparecen igualmente peches e xardíns de plantas exóticas, que se construíron sobre o propio vaso. No bordo de oscilación ordinaria da lagoa, Costas de Galicia construiu un paseo marítimo de formigón. A eliminación deste paseo, e a recuperación da marxe da lagoa debería ser un obxectivo prioritario para a Demarcación de Costas de Galicia, pero non é contemplado no proxecto.

Finalizado o paseo marítimo, este continúa por un camiño de terra que leva nunha das súas marxes unha senda. Este vial construíuse con fondos dun proxecto LIFE. A actuación foi totalmente desastrosa, procedendo a Unión Europea á apertura dun expediente informativo, e á retirada de parte dos fondos. O vial supón unha fragmentación do vaso lagunar, afectando moi negativamente á dinámica natural da lagoa.

O vial discorre paralelamente á actual delimitación do DPMT. O límite do DPMT exclúe terreos inundados periodicamente pola lagoa, configurados por biocenoses exclusivas dun humidal costeiro, e a existencia das cales é

fundamental para o mantemento das funcións ecolóxicas da lagoa, e por conseguinte que cumpren todos os criterios para ser englobados dentro do DPMT. Terreos que deberían ser obxecto dun procedemento de compra / expropiación, aspecto que non obstante non contempla o proxecto redactado por Costas de Galicia. A redución da anchura deste vial, e no seu caso a demolición das vivendas, debería ser un dos obxectivos prioritarios de actuación na Frouxeira, que non obstante non se formula no proxecto.

Na zona de protección de costas, atópanse dúas vivendas. Todas estas construcións e terreos se establecen sobre solo rústico. O proxecto non obstante non formula ningunha actuación para estas edificacións cando a súa eliminación, suporía o cumprimento da Lei de Costas, e unha mellora substancial no estado de conservación do humidal costeiro

**En conclusión, as expropiacións formuladas no Proxecto da Demarcación de Costas son totalmente subxectivas. Selecciónanse terreos sen ningún criterio racional, excluindo da expropiación terreos e construcións que invaden a zona de servidume de forma ostensible, mentres se incorporan terreos externos a esta zona que nin teñen grande valor ambiental, nin melloran ostensiblemente o cumprimento dos obxectivos da Lei de Costas.** Mentres que se exclúen outros terreos (sistemas dunares e áreas de inundación ordinaria da lagoa costeira) que son obxectivamente necesarios para asegurar estes fins.

14

As consideracións relativas á iluminación proxectada nesta área son similares que no apartado anterior.

Finalmente debemos resaltar a construción dunha senda de madeira, que discorre entre o vaso lacunar e o aparcamento existente na praia grande. A senda proxéctase paralelamente a unha beirarrúa peonil existente de 2 metros de ancho. A construción desta pasarela carece de sentido, a beirarrúa existente é suficiente para o tránsito de persoas. A súa construción realízase reducindo a superficie dun hábitat prioritario, Duna gris, provocando en consecuencia unha afección significativa sobre este. Polo que a súa construción supón unha clara vulneración da DC 92/43/CEE e da Lei 42/2007.

#### **4.4. - Zona de Meirás**

A actuación afecta a máis de 17.400 m<sup>2</sup> situados dentro do espazo natural protexido LIC - ZEPVN Costa Artabra, conformada na súa totalidade por un sistema dunar fixo, con biocenoses integradas nos tipos de hábitats prioritarios: Dunas grises e Breixeiras sobre dunas.

O proxecto propón: "Inclúese o despexado e roza previa da parcela afectada polas actuacións, para a súa posterior explanación e rasanteo". Para posteriormente proceder "á ordenación dun novo aparcamento para restrinxir deste xeito o acceso indiscriminado de vehículos ao ámbito (mediante a colocación de morróns)".

O redactor do proxecto obvia que a zona elixida para a construción deste novo aparcamento se engloba integramente dentro de Rede Natura. E que a zona correspóndense a un sistema dunar fixo, conformado maioritariamente por tres tipos de hábitats prioritarios: Dunas grises, Breixeiras de *Erica vagans*, e Breixeiras costeiras sobre dunas. O estado de conservación desta zona non é bo, debido a que a mesma se utilizou de forma esporádica como lugar de acampada, establecemento de verbenas e atraccións de feira. Malia iso, na superficie delimitada existen unha parte significativa de hábitats naturais, así como evidéncianse poboacións de especies protexidas, especialmente de *Antirrhinum majus subsp. linkianum* (Boiss. & Reuter) Rothm, especie catalogada En Perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

A área de aparcamento comprende: Zona de aparcamento propiamente dita, formado por lastras de celosía. Camiños para acceso ao aparcamento con formigón impreso. Zonas verdes artificiais con mobiliario urbano, sinalización e plantación de arboredo. Un edificio de servizo de praia. Toda a parcela se dota de iluminación pública.

A desnaturalización da zona de Meirás será incrementada pola instalación de iluminación e pola construción dun establecemento de hostalaría. A importancia e as repercusións da iluminación sobre a calidade paisaxística e sobre o estado de conservación dos hábitats e dos seus compoñentes banalízase no proxecto. De novo atopámonos ante unha proposta innecesaria, cun elevado custo, tanto na fase de construción coma de explotación, e que provoca unha perda de calidade nesta área do espazo protexido.

15

En canto á edificación de hostalaría, resulta sorprendente que este tipo de actuacións sexan asumidos con fondos públicos. Pero tamén resulta máis sorprendente que un organismo dependente do Ministerio de Medio Ambiente, promova a instalación dunha instalación de hostalaría nun espazo natural, e en concreto nunha área dun espazo natural que mantén unha elevada naturalidade, e onde a posta en marcha do establecemento provocará unha alteración significativa e permanente sobre os hábitats e sobre as comunidades de especies protexidas, ao incrementarse a presión do uso público sobre esta área (ruído, pisoteo, circulación e estacionamento de vehículos, desperdicios, introdución accidental de especies exóticas, etc).

Existen outras alternativas viables para a situación deste aparcamento e sobre todo da edificación destinada a servizos de hostalaría, fóra da área delimitada polo espazo natural protexido, situacións nas que ademais non existirían afeccións sobre os hábitats protexidos ou sobre as poboacións de especies protexidas.

En consecuencia, a situación deste aparcamento e o establecemento de hostalaría que o acompaña, resulta totalmente incompatible cos obxectivos de conservación do LIC Costa Artabra, provocando unha afección moi significativa sobre hábitats prioritarios e sobre poboacións de especies protexidas de flora e fauna.

A finalidade ou necesidade desta construción non se contempla entre as excepcións que recolle o artigo 6 da DC 92/43/CEE e que posteriormente desenvolve a Lei 42/2007, en relación con autorización de determinadas actuacións no ámbito da Rede Natura 2000, cando destas se deriva unha afección negativa sobre hábitats ou especies prioritarias. En consecuencia, a actuación proxectada pola Demarcación de Costas de Galicia, non podería levarse a cabo.

O estado de conservación desta zona é o reflexo de incapacidade dos organismos públicos, Dirección Xeral de Conservación da Natureza (Xunta de Galicia), Demarcación de Costas de Galicia (Ministerio de Medio Ambiente), de cumprir e facer cumprir as normativas que determinan a protección deste singular ecosistema dunar, e dos seus compoñentes.

En conformidade coa DC 92/43/CEE, e a Lei 42/2007, os organismos competentes, deberían de establecer as medidas oportunas para que os hábitats que conforma esta zona dunar recuperasen o seu estado de conservación, e non obstante o que formula o Ministerio de Medio Ambiente, a través da Demarcación de Costas de Galicia, é o seu total destrución a través da construción dun aparcamento.

Se este aparcamento resulta totalmente aberrante, tamén o son aqueles que de forma directa (UTM 567087, 4828784) ou indirecta (UTM 5669001 4829301) foron fomentados pola Demarcación de Costas na área da Frouxeira. O establecemento de ambos os dous supuxo unha perda moi significativa de hábitats prioritarios, así como a destrución de núcleos poboacionais de especies protexidas, e responden de novo a un modelo irracional de aproveitamento do espazo, incompatibles cos seus obxectivos de conservación.

O problema de acceso e aparcamento na área da Frouxeira non pode basearse no continuo incremento de superficies de aparcamento, minguando en cada unha das arremetidas, a superficie ocupada polos hábitats de interese comunitario de carácter prioritario. Xerando unha elevada intensidade de tráfico sobre camiños estreitos, e pouco seguros para o tránsito simultáneo de persoas e vehículos, e promovendo actitudes irrespectuosas co medio, moitas das cales aparecen tipificadas como infraccións pola normativa actual (pisoteo de hábitats, circulación e aparcamento sobre hábitats protexidos, etc).

#### **4.5. - Praia dos Botes**

Inclúense aquí un conxunto de actuacións incongruentes coas necesidades de conservación desta área litoral, integrada dentro do LIC Costa Artabra e da ZEPVN Costa Artabra.

##### **A. - Caseta de apeiros de mariñeiros**

Na praia existe un edificio de ladrillo que alberga servizos hixiénicos e un segundo edificio de bloques de formigón destinado a almacén de apeiros de



pesca. Ambos os dous edificios englobáanse dentro do DPMT e do LIC - ZEPVN Costa Artabra.

Segundo o redactor do proxecto se mantería a caseta de ladrillos, mentres que se demole a destinada a gardar os apeiros que ocupa unha superficie de 1.230 m<sup>2</sup>., cunha superficie construída de 406 m<sup>2</sup>.

O proxecto contempla a construción dunha nova caseta de apeiros, a zona elixida para a construción estaría fóra do DPMT, pero segue englobada dentro do LIC - ZEPVN Costa Artabra. O proxecto pretende explanar e rasantear unha superficie de 1.951 m<sup>2</sup>, na que se construíra un novo edificio de 150 m<sup>2</sup> de formigón. A edificación prolóngase cun peche de bloque rematado pétreo, destinado ao estacionamento de embarcacións.

A zona afectada polo proxecto construtivo esta constituída polo hábitat prioritario "Duna gris" e na que se pode constatar a presenza de poboacións de *Antirrhinum majus subsp. linkianum* (Boiss. & Reuter) Rothm, especie catalogada En perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. A destrución deste tramo litoral increméntase con distintos recheos e a creación de camiños pavimentados, todo iso sobre o hábitat prioritario Duna gris.

A construción deste novo edificio suporía unha afección moi significativa sobre un hábitat prioritario no ámbito do LIC Costa Artabra. A finalidade ou necesidade desta construción non se contempla entre as excepcións que recolle o artigo 6 da DC 92/43/CEE e que posteriormente desenvolve a Lei 42/2007, en relación con autorización de determinadas actuacións no ámbito da Rede Natura 2000, cando destas se deriva unha afección negativa sobre hábitats ou especies prioritarias. En consecuencia, a actuación proxectada pola Demarcación de Costas de Galicia, non podería levarse a cabo.

17

### **B.- Piscifactoría**

Existe unha piscifactoría cuxo peche exterior, engloba terreos conformados por unha duna gris, e que forman parte do DPMT. O resto dos terreos, e as propias instalacións sitúanse dentro de zona de servidume de protección. A construción da DPMT degradou substancialmente o espazo, para a situación das instalacións destruíuse unha importante superficie de sistema dunar. Ademais a situación e o peche da planta, alteraron o acceso ao extremo do cabo, e en concreto á ermida de Nosa Señora do Porto.

O retranqueo do peche da piscifactoría pode considerarse como unha medida positiva. Pero a mesma debería ser aboada polo propietario da piscifactoría. Non resulta aceptable que os custos desta actuación teñan que ser asumidos con presupostos públicos.

A modificación do vial para acceso á piscifactoría, segundo os datos achegados, supón unha afección directa e moi significativa, sobre unha zona ocupada por un hábitat prioritario. A finalidade ou necesidade desta construción

non se contempla entre as excepcións que recolle o artigo 6 da DC 92/43/CEE e que posteriormente desenvolve a Lei 42/2007, en relación con autorización de determinadas actuacións no ámbito da Rede Natura 2000, cando destas se deriva unha afección negativa sobre hábitats ou especies prioritarias. En consecuencia, a actuación proxectada pola Demarcación de Costas de Galicia, non podería levarse a cabo.

### **C. - Ermida de Nosa Señora do Porto**

A información en relación con esta actuación é moi escasa. Segundo o proxecto: "realízase unha senda de madeira para acceder a ermida de Nosa Señora do Porto e procédese á rexeneración dunar da zona (mediante a eliminación de especies alóctonas, achega de area e formación de duna con plantación de especies autóctonas). Execútase unha nova senda de madeira de acceso á praia de 3 m de ancho. Dótase de sinalización e papeleiras a esta zona".

O ancho do acceso resulta excesivo (3 m), o seu trazado discorre sobre hábitats prioritarios, provocando unha degradación significativa, existindo alternativas tanto construtivas, como de trazado que poderían reducir considerablemente estas afeccións e que non se formularon.

O enlace coa illa mediante unha pasarela non está suficientemente documentado dende un punto de vista construtivo, máis aínda tendo en conta a natureza do substrato existente, e a acción da ondada nesta zona. De calquera modo o punto fixado para o inicio da pasarela, afecta a un hábitat prioritario, duna gris, no que se constata a presenza de varios núcleos poboacionais de *Antirrhinum majus subsp. linkianum* (Boiss. & Reuter) Rothm, especie catalogada En perigo de extinción no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

18

Ademais as complicadas condicións ambientais ás que se verá sometida a pasarela proposta cos frecuentes temporais que definiron as características actuais do entorno físico fan previsible a súa destrución e conlevará unha inxustificable perda económica para o orzamento público.

Por outra banda, a proposta de enlazar a illa cunha pasarela, supón un desprezo aos valores etnográficos e culturais desta zona, centrados nunha romaxe que se realiza en bote ou a pé, adecuándose ao ciclo das mareas. A construción desta inmensa pasarela, supón unha degradación dos valores etnográficos e culturais desta zona.

### **4.6. - Faro da Frouxeira**

De novo formúlase un modelo de uso público totalmente incongruente cos obxectivos e necesidades de conservación desta área englobada integramente no LIC Costa Artabra e na ZEPVN Costa Artabra. A área seleccionada polo proxecto está conformada maioritariamente por un hábitat prioritario, Breixeira

costeira de *Erica vagans*, que amosa unha elevada naturalidade, e que será destruído totalmente pola actuación formulada pola Demarcación de Costas de Galicia.

A proposta de eliminación de 10.000 m<sup>2</sup> de hábitat prioritario constitúe unha afección moi significativa sobre este tipo de hábitat, nun espazo da Rede Natura 2000, contradicindo abertamente a DC 92/43/CEE e a Lei 42/2007 .

O proxecto implica distintas actuacións nesta zona:

**A. - Acondicionamento dos túneles e punto de disparo da antiga batería de costa.**

A información sobre este apartado é case nula. Non se pode así formular ningunha valoración.

**B.- Acondicionamento de camiños:**

Inclúese o despexado e roza previa das distintas sendas que se pretenden acondicionar, procedendo á regularización da explanación dos devanditas camiños para a súa posterior pavimentación a base de zahorra con arenón ou madeira.

A traza dos camiños discorre a través do hábitat prioritario Brezal costeiro de *Erica vagans*. As propostas formuladas son incompatibles co mantemento do hábitat (despexado e roza, regularización do terreo, pavimentación). A zona esixe un control integral dos accesos de uso público, pero este non debe basearse na pavimentación de rúas entre as superficies fragmentadas de breixeiras de *Erica vagans*. A proposta é totalmente aberrante e contraria ás esixencias de conservación deste tipo de hábitat.

**C. - Rexeneración ambiental da zona:**

Segundo o autor do proxecto procederase á rexeneración ambiental: Mediante eliminación de especies alóctonas, escarificado de zonas prensadas, achega de terra e substrato vexetal onde sexan necesarios, e formación de pradaría con plantación de especies autóctonas.

Non obstante, calquera persoa que visite a zona, ou a simple análise da cartografía de hábitats da Xunta de Galicia, evidencia que a mesma está ocupada en máis dun 80% por unha masa uniforme dunha Breixeira Costeira de *Erica vagans* e o resto por biocenoses características de cantís. A non consideración destes tipos de hábitat, pon en evidencia a incompetencia da Demarcación de Costas de Galicia na xestión da área litoral galega, e os efectos perniciosos desta, sobre o estado de conservación de hábitats prioritarios e de especies protexidas. Todo iso, cando a normativa que regula estes espazos (DC 92/43/CEE, Lei 42/2007, Lei 9/2001), establece a obriga de protexer este tipo de unidades ambientais.

No proxecto da Demarcación de Costas de Galicia, indícase que se procederá á eliminación de especies exóticas, pero non obstante, no devandito proxecto, non se identifica ningunha especie. Que especie considera a Demarcación de Costas de Galicia como invasora?. Inclúe entre elas a *Erica vagans* e a outras especies características das brexeiras costeiras?.

No proxecto tamén se formula o escarificado, pero na zona delimitada por este, non resulta necesario. Na área ocupada polas biocenoses de cantil, a realización do escarificado resulta improcedente, o tipo de chan é doadamente colonizado pola vexetación, o único efecto negativo constatado é o pisoteo sobre o cal non se actúa no proxecto. No mesmo sentido, proceder ao escarificado nunha brexeira densa de *Erica vagans* carece de sentido.

Con estas formulacións, resulta obvio que a Demarcación de Costas non persegue a recuperación dos hábitats de interese comunitario e prioritario. Busca a súa destrución e a creación dun medio artificial, que designa no proxecto como "pradarías de especies autóctonas".

Debemos recordar que a "Pradaría" ("pradeira") é un bioma característico do Norte e Sur de América, a relación da cal cos biomas europeos debe establecerse coas estepas orientais. A pradaría en consecuencia é unha formación non homologable coas biocenoses existentes na área e en xeral en Galicia.

20

As especies seleccionadas para a sementeira / plantación, resultan totalmente inadecuadas. Non se indica en ningún momento a procedencia, nin o seu estatus xenético. Inclúense propágulos de especies nativas de Galicia, con outras exóticas, así como con formas artificiais, creadas polo home. A mestura non resulta axeitada para a súa aplicación nunha área de elevado valor ambiental, como é o caso dos cantís do faro da Frouxeira.

En canto á execución da pradaría, no prego de prescricións técnicas particulares non existe ningunha referencia específica a unha restauración ambiental, salvo que esta se encadre dentro do capítulo 2.36. MATERIAIS DE XARDINARÍA. O contido deste capítulo é, como o seu nome indica, válido para a construción dun xardín, pero carece de validez para a recuperación de áreas naturais, e menos aínda daquelas potencialmente conformadas por hábitats de cantís, brexeiras costeiras, brexeiras sobre dunas ou dunas fixas. As propostas formuladas son totalmente incoherentes coa recuperación destes tipos de hábitats.

#### **4.7. - Rede de itinerarios**

A incongruencia do plan da Demarcación de Costas de Galicia coas necesidades de conservación deste espazo litoral, queda patente na formulación da actuación designada como Rede de Itinerarios que ten o obxectivo según o proxecto de: "intercomunicar todas as zonas anteriores, acondiciónanse sendas e camiños para o desfrute e uso da cidadanía".

Non obstante, para o redactor do proxecto, o desfrute e uso da cidadanía, contempla entre outras modalidades, unha preferente, a de degradar ou no seu caso destruír, calquera vestixio de naturalidade, calquera zona na que persistan ecosistemas naturais, e sobre todo, alterar de forma significativa os hábitats prioritarios e as poboacións de especies protexidas.

A elección dos itinerarios fórmase, en consecuencia, á marxe das necesidades de conservación do espazo. O itinerario invade áreas de grande sensibilidade da lagoa da Frouxeira, nas que o paso do persoas e animais de compañía é actualmente moi reducido, e que debería manterse así.

O mesmo acontece en aqueles tramos nos que a traza discorre ao longo do sistema dunar, por zonas de cría de numerosas especies, entre as cales cabe citar, a pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), especie incluída no Anexo I da Directiva Aves, e tipificada como vulnerable no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Situación que se repite en relación coas áreas de interese para a conservación de anfibios, réptiles ou de flora vascular, afectando de forma moi significativa ás poboacións de *Antirrhinum majus subsp. Linkianum*.

O tratamento destes camiños é totalmente artificial e supón unha clara degradación ambiental da zona: "Inclúese o despexado e roza de terreo así como a explanación e rasanteo necesario. Os pavimentos das diferentes sendas peonís serán: . Itinerarios existentes a acondicionar: paviméntanse con 15 cm de zahorra baixo unha capa de 10 cm de arenón, con bordos de madeira, nun ancho de 2 m. Itinerario peonil e Vial de servizo: nun ancho de 2,5 m acondiciónase con senda de madeira o itinerario peonil, completándose cun vial de servizo a base de 20 cm de zahorra. Ambos os dous sepáranse por medio duns repoludos de madeira colocados cada metro".

Como pode comprobarse noutras áreas de actuación da Demarcación de Costas de Galicia, este tipo de estrutura favorece a estabilización de plantas invasoras como *Paspalum paspalodes*, *Sporobolus indicus*, *Arctotheca caléndula*, *Paspalum dilatatum*, *Paspalum distichum* e sobre todo de *Stenotaphrum secundatum*. Especies que se ven ademais favorecidas polos labores de rozas que periodicamente se realizan ás marxes destas infraestruturas lineais.

A construción de novos tramos de sendeiros, ou a súa artificialización, resultan en consecuencia contrarias aos obxectivos de conservación dun espazo da Rede Natura 2000, a incidir de forma moi significativa sobre o estado de conservación dos hábitats naturais (Dunas grises, breixeiras sobre dunas) e sobre as especies de flora e fauna silvestre que estes albergan.

A Rede de Itinerarios nun espazo das características da Frouxeira debería estruturarse a partir dunha análise axeitada dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade existentes. Buscando a minimización dos efectos negativos do tránsito das persoas, incentivando percorridos alternativos en áreas de baixo valor, así como establecendo medidas para impedir o

pisoteo das áreas singulares do espazo e sobre todo a circulación e estacionamento de vehículos e caravanas sobre superficies conformadas por hábitats prioritarios. Aspectos que en ningún momento aborda o proxecto elaborado pola Demarcación de Costas de Galicia.

#### **4.8. - Outras Consideracións técnicas**

No Prego de Prescricións Técnicas Particulares e no de Medicións, realízase unha descrición sucinta das distintas actuacións previstas nas distintas áreas consideradas no proxecto. A descrición segue sendo mínima, carente de xustificación técnica, propoñendo na maioría dos casos actuacións contrarias aos obxectivos de conservación dun espazo natural, e que de executarse provocarían unha mingua moi significativa do estado de conservación de hábitats prioritarios.

##### **A. - *Despexado e roza***

Como se indicou anteriormente, o despexado e roza é total, buscando a eliminación de calquera planta, formación vexetal ou ecosistema: "Esta unidade consiste en extraer e retirar das zonas afectadas polas obras, todas as árbores, tocóns, plantas, maleza, ou broza, así como da limpeza de todos os materiais inservibles da zona de obra". En conclusión efectúase un tratamento enérxico, sen contemplar ningunha cautela ambiental, obviando en todo momento que nas áreas de actuación están conformadas por hábitats naturais de carácter prioritario.

22

No proceso non se formula ningunha cautela ambiental, soamente en relación coa seguridade das persoas ou de bens inmobles: "As operacións de remoción efectuaranse coas precaucións necesarias para lograr unhas condicións de seguridade abonda e evitar danos nas construcións existentes. A Dirección de Obra designará e marcará os elementos que haxan de conservarse intactos. Os traballos realizaranse de forma que non produzan molestias aos ocupantes das zonas próximas á obra".

O aspecto pintoresco da actuación realízase coas árbores: "As árbores afectadas polas obras que a Dirección de Obra considere oportuno, serán reimplantadas provisionalmente no lugar que a mesma indique para o seu posterior traslado á localización orixinal, sendo obxecto de abono independente a devandita operación". O redactor de proxecto non indica, que a probabilidade de recuperación dunha árbore nestas condicións adoita ser moi baixa, e máis aínda en árbores instaladas en zonas areentas, o sistema radical das cales queda inutilizado nos labores de trasplante.

##### **B.- *Recuperación Ambiental vs Xardinería***

No Prego de Prescricións Técnicas Particulares, non existe ningún apartado específico relativo a este ámbito, pola contra inclúese distintos apartados baixo o epígrafe de "xardinería", no que se describen actuacións propias desta

especialidade, destinada a crear e manter áreas naturais artificiais, e que por definición, obxectivos e alcance, nada ten que ver co mantemento e recuperación de hábitats costeiros.

Así se emprega como substrato un medio no que simplemente se indican as porcentaxes mínimas de determinados elementos, pero nunca os máximos (Composición química, porcentaxes mínimas: Nitróxeno, 1 por 1000. Fósforo total, 150 ppm. Potasio, 80 ppm, ou ben, P<sub>2</sub>O<sub>5</sub> asimilable, 3 décimas por 1000. Óxido potásico asimilable, 0.1 por 1000), indicando para os céspedes valores igualmente mínimos en canto á composición de "Cal" e fumes (Para céspedes. Cal, inferior ao 10%. Humus, 4/12%). Os valores establecidos dificilmente levarán á recuperación das áreas degradadas, propiciando a aparición de áreas artificiais, doadamente colonizados por especies ruderais ou invasoras.

### **C. - Sementeiras e plantacións de herbáceas**

As distintas referencias a "sementeiras" que inclúe o proxecto no prego de prescricións técnicas, están inadecuadamente formuladas e de executarse suporían unha afección moi significativa sobre os hábitats prioritarios e sobre os núcleos poboacionais de especies protexidas presentes neste tramo costeiro.

O redactor destes apartados utiliza confusamente os termos "sementeira" e "plantación", polo que resulta imposible precisar qué tipo de estrutura vexetal se pretende empregar en cada caso.

23

Tanto para as sementes, coma para as plantas, non existe ningunha referencia á súa orixe xeográfica. Algunhas das especies empregadas están presente nos hábitats da Frouxeira, pero este criterio, constitúe unha condición necesaria, pero non suficiente para afrontar unha restauración ambiental cun mínimo de garantías. É necesario, en consecuencia, dispoñer de información concreta sobre a orixe xeográfica deste material, e sobre o tratamento deste fóra do seu lugar de orixe (sementeira, posible entrecruzamento con outras poboacións diferentes, hibridación, etc.). Tradicionalmente, as actuacións de plantación e semente efectuadas pola Demarcación de Costas de Galicia empregaron material vexetal de procedencia dubidosa, tanto dende un punto de vista xeográfico como xenético, subministrado por viveiros que non reúnen a suficientes garantías para efectuar a restauración de zonas de alto valor ecolóxico.

En canto ás formulacións de sementeira/plantacións, as mesmas carecen de relación coa composición florística dos tipos de hábitats naturais presentes na Frouxeira, correspondendo a formulacións típicas de áreas axardinadas ou deportivas (campos de golf, parques urbanos) ou de infraestruturas (noiros e medianas de estradas). Coas devanditas mesturas en ningún caso se pode asegurar a recuperación ou a mellora do estado de conservación dos hábitats naturais, máis ben, con elas, e cos labores que se realizan nestas áreas, adecúase o terreo para o asentamento e expansión de especies invasoras.

Praia pequena	Mestura de <i>Agrostris stolonifera</i> al 5 %, <i>Cynodon dactylon</i> ao 20%, <i>Festuca ovina duriuscula</i> al 25%, <i>Poa pratense</i> al 30 % e Ray-grass al 20 %.
Praia grande Acondicionamento	( <i>Festuca rubra</i> , <i>Agrostis estolonifera</i> , <i>Armeria marítima</i> , <i>Ammophila arenaria</i> , etc...). Segundo instrucións da Dirección Facultativa
Praia grande Céspedede	Mestura de <i>Agrostris stolonifera</i> al 5 %, <i>Cynodon dactylon</i> ao 20%, <i>Festuca ovina duriuscula</i> al 25%, <i>Poa pratense</i> al 30 % e Ray-grass al 20 %,
Meirás Céspedede	Mezcla de <i>Agrostris stolonifera</i> al 5 %, <i>Cynodon dactylon</i> ao 20%, <i>Festuca ovina duriuscula</i> al 25%, <i>Poa pratense</i> al 30 % e Ray-grass al 20 %,
Botes Acondicionamento	Formación de pradaria ou duna con plantación de especies autóctonas ( <i>Festuca rubra</i> , <i>Agrostis estolonifera</i> , <i>Armeria marítima</i> , <i>Ammophila arenaria</i> , etc...). Segundo instrucións da Dirección Facultativa.

No proxecto, afirmase en repetidas ocasións que a sementes/plantas empregadas son autóctonas. Esta afirmación é falsa. Entre as especies empregadas no proxecto atópanse un taxón alóctono e outro de procedencia dubidosa.

#### ● *Festuca ovina var duriuscula*

24

Esta especie non está presente no territorio galego (cf. Catálogo Flora de Galicia - Ibader, 2008), as localidades máis próximas localízanse en Picos de Europa, nun ambiente completamente diferente ao existente na área litoral da Frouxeira. A variedade *duriuscula* inclúe distintas formas comerciais que nos últimos anos se empregaron como céspedes de campos de golf ou para a suxeición de noiros, debido a o seu neto comportamento invasor. *Festuca ovina var duriuscula* non é unha especie autóctona de Galicia, e tampouco está documentada a súa presenza en Galicia, a súa capacidade de expansión fan desta un elemento problemático. De introducirse en Galicia, probablemente adquira un comportamento invasor de difícil control e elevada incidencia sobre a configuración e estrutura dos hábitats naturais.

#### ● *Cynodon dactylon*

Especie nativa de Asia, e zonas contiguas do Sur de Europa. Na Península Ibérica o seu estatus non é de todo coñecido, evidenciándose dende hai máis de 200 anos expandida por un grande número de territorios, incluída Galicia, onde é unha especie frecuente en medios ruderais e viarios. As formas comerciais de sementes, seleccionáronse buscando unha maior agresividade, é dicir unha maior capacidade para asentarse e dominar nos medios onde se emprega (campos de Golf, noiros de estradas), eliminando a competencia doutras especies. Este comportamento invasor, determina que non sexa unha especie nada axeitada para o uso en restauración ambiental, salvo que se queira fomentar a súa expansión sobre os hábitats prioritarios existentes e provocar a degradación destes.



### ● **Ray - Grass**

O Ray - Grass ou pasto inglés, correspóndense a formas seleccionadas artificialmente de *Lolium perenne*, dende o século XVII, como plantas forraxeiras, que foron amplamente distribuídas polo planeta, estando presente nos pasteiros galegos dende antigo. Non forma parte das biocenoses que conforman os hábitats prioritarios da Frouxeira. Ao igual que no caso de *Cynodon dacyylon*, as formas comerciais se seleccionaron por o seu forte

### ● **Festuca rubra**

No proxecto non se indica rango subespecífico. En Galicia documentáronse polo menos 3 subespecies distintas (*asperifolia*, *pruinosa*, *rubra*) que ocupan hábitats naturais moi diferentes. As formas comerciais destas sementes difiren das poboacións autóctonas e seleccionáronse pola súa maior rusticidade. A incorporación de elementos comerciais a hábitats nos que existen núcleos poboacionais de especies autóctonas de *Festuca rubra*, constitúe unha afección moi significativa sobre a composición biolóxica destes hábitats.

Á inadecuación das mestura de pratenses seleccionadas, hai que unir un factor de incerteza, en canto que a proporción final, ou mesmo a selección das distintas especies empregadas, queda ao arbitrio da Dirección Facultativa, este procedemento pode ser aceptable na revexetación dun noiro dunha estrada, pero non resulta adecuado no tratamento de áreas de elevada sensibilidade no seo dun espazo natural protexido. Este tipo de formulación deixan en evidencia a falta de rigor con que a Demarcación de Costas de Galicia formula as súas actuacións.

25

### **D. - Plantacións de especies leñosas**

O proxecto inclúe a plantación en distintas áreas de especies leñosas, salvo o aparcamento formulado entre as edificacións de A Saiña, no resto das áreas onde se proxecta a introdución de especies sitúanse dentro do ámbito do LIC e do Espazo Natural protexido.

Malia iso, seleccionáronse nas plantacións dúas especies alóctonas, o emprego das cales dentro do espazo natural debería ser evitado:

### ● **Tamarindo (*Tamarix gallica*)**

Especie orixinaria do Sur de Europa, de introdución antiga en Galicia, empregada para favorecer o asentamento de muros en terreos gañados a humidais costeiros, para posteriormente establecerse como sub espontánea, invadindo en moitos humidais a marisma superior. É unha especie pouco viable en chans secos como onde se pretende establecer, a mortalidade nestes pode chegar ao 100% da plantación.

Non se especifica a procedencia. Neste sentido cabe recordar, a inadecuada plantación que con esta especie efectuou a Demarcación de Costas de Galicia no tramo litoral de Ponteceso, onde se chegaron a plantar centos de tamarindos de procedencia italiana, e onde aos 4 meses da plantación o número de marras superaba o 80%, na actualidade apenas permanecen uns poucos pés en estado pouco saudable.

● **Palmito (*Chamaerops humilis*)**

Especie nativa de Marrocos e do Sur de España. Alóctona en todo o cuadrante do NW Ibérico, incluída Galicia. No territorio galego non existe ningunha palmeira autóctona, a súa presenza está ligada a medios artificiais (xardíns, parques), sendo en consecuencia o seu emprego pouco axeitado nun espazo natural.

**E. - Eliminación de especies invasoras**

Tanto nos capítulos descritivos, coma nos pregos de prescricións técnicas, ou nas unidades de obra, non existe ningunha referencia ao tipo ou tipos de especies invasoras que se pretenden eliminar, e tampouco existe unha referencia á súa distribución e cuantificación dos espécimes.

Dada a incapacidade da Demarcación de Costas de Galicia en diferenciar as especies autóctonas das alóctonas, este tipo de actuacións formuladas de forma irregular deberían eliminarse totalmente do proxecto, xa que a xustificación do gasto relativo a esta acción en ningún caso aparece xustificada, e ademais é probable que de chegar a realizarse esta acción considérense como especies invasoras elementos autóctonos.

26

**F. - Control de especies invasoras**

O tratamento inadecuado que se realiza no proxecto en relación coa flora alóctona e invasora, queda ademais patente cando nos pregos de prescricións técnicas e na unidades de obra, non se incluíu ningunha medida preventiva para evitar a entrada ou difusión de especies invasoras no transcurso das propias obras (circulación de maquinaria, uso de substratos e sementes sen suficientes garantías, etc.).

**5. Orzamento**

O orzamento base de licitación previsto no Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño (A Coruña) - Maio 2011, ascende a 6.291.442,95 €.

O custo do proxecto resulta totalmente esaxerado. Os prezos por unidades de obra (véxase o caso de xardinaría, ou arranxos de camiños), son desorbitados.

A cantidade prevista en relación ás accións formuladas, e ao suposto beneficio ambiental ou social destas, resulta inaceptable. E reflicte un claro dispendio no uso dos presupostos públicos, que nun período de crise, debería utilizarse cunha maior cautela.

A desorbitada contía económica do proxecto queda patente cando se compara con outras actuacións efectuadas polo Ministerio ou a Xunta de Galicia nos últimos meses:

6.000.000 €, presuposto destinado a rehabilitación de vivendas situadas no Camiño de Santiago, financiado polo Goberno de España e a Xunta de Galicia (BOE 04/08/2011).

6.000.000 €, presuposto do Plan 1% Cultural que o Ministerio de Fomento destina en Galicia e que supón actuacións en 4 monumentos históricos: Castro de Elviña, Torres de Oestee, Castelo de Santa Cruz - A Garda, Pazo de Liñares.

5.668.273 €, presuposto que o Goberno Central destina a Galicia para o desenvolvemento do Plan de Programas de Reforzo, Orientación e Apoio (Proa) 2011, do Plan para a Redución do Abandono Temperán na Educación e do programa 'Ler para aprender'.

6.300.000 €, presuposto da Xunta de Galicia para a contratación durante 1 ano de 100 investigadores predoutorais no ano 2011.

27

3.500,000 €, presuposto da Xunta de Galicia para facilitar o incremento da capacidade innovadora das empresas no ano 2011.

6.000.000 €, presuposto da Xunta de Galicia para a inserción laboral de persoas con diversidade funcional ou en risco de exclusión, pola que se benefician no ano 2011, un total de 26.000 galegos (consello da Xunta de Galicia, Marzo de 2011).

Non obstante, o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural, e Mariño, dilapida 6.291.442,95 €, na degradación dun singular espazo litoral de Galicia, con fondos públicos, ben propios ou ben das arcas do Concello.

## **II.- ANALISE detallado do Estudo de Impacto Ambiental. Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño (A Coruña) - Maio 2011.**

O estudo de impacto ambiental emprega unha metodoloxía antiga que resulta totalmente inadecuada para un espazo natural, e en concreto para un espazo da Rede Natura 2000.

### **1. - Norma legal**

A normativa legal é anticuada. Inclúense normas derogadas como a Directiva 79/409/CEE ou o Decreto 110/2004, do 27 de maio. Noutros casos a cita da norma resulta incorrecta: "Directiva de Hábitats, transferida á lexislación española polo Real Decreto 1997/95",...

### **2. - Compoñentes ambientais**

Ao igual que no Proxecto Básico de Actuacións no ámbito da Frouxeira. T.M. Valdoviño (A Coruña) - Maio 2011, procédese a realizar unha descrición da área de actuación.

A cal se formula igualmente de forma xeral, incidindo na maioría dos casos en aspectos que superan o ámbito xeográfico do proxecto, ou do propio termo municipal.

Apenas existen datos concretos sobre o territorio afectado polo proxecto, e especialmente sobre a presenza dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade en relación coas áreas concretas de actuación consideradas no proxecto.

### **3. - Aspectos sociais**

Ao longo do EIA vértense distintos comentarios sobre a aceptación social do proxecto, e sobre os supostos efectos deste sobre a calidade de vida da poboación do concello de Valdoviño. Esta información non se apoia en ningún estudo estatístico, é unha mera percepción ou opinión do redactor do proxecto, que carece de validez.

### **4. - Alternativas**

A formulación de alternativas resulta moi deficiente. Formúlase unha alternativa cero ou de non actuación (Alternativa -0), unha alternativa que só contempla unha rede de sendeiros (Alternativa -1) e unha alternativa que inclúe a anterior e outra serie de infraestruturas (Alternativa -2).

En consecuencia a alternativa 1 é parte da alternativa 2. Non hai unha formulación doutras alternativas en función da variación de trazados dos camiños formulados, das súas características, tampouco se formulan alternativas para os aparcamentos, e para as áreas sometidas a accións de xardinaria.

En conclusión, non se pode asumir que o EIA formule unha formulación de alternativas, deficiencia que supón o incumprimento da normativa de impacto ambiental.

Se a formulación de alternativa é totalmente deficiente, o mesmo acontece coa súa valoración. Esta realízase sen ningún tipo de proceso obxectivo de avaliación, soamente se recollen uns comentarios insubstanciais e carentes de rigor, que poñen en evidencia a bondade da alternativa 2 e as deficiencias das outras. O procedemento é de todo subxectivo.

## **5. - Descrición da solución adoptada**

### **5.1. - Identificación e valoración de impactos**

O número e tipo de factores establecidos non resulta adecuado para unha valoración dunha área protexida e menos aínda para un espazo da Rede Natura 2000. Observándose nalgúns casos importantes diferenzas entre os establecidos no texto e nas táboas.

29

#### **● Espazos Naturais**

No texto indícase: Espazos naturais / Hábitats, contemplado nesta unidade: Hábitats ou espazos naturais cunhas condicións singulares, presentes no ámbito de actuación e/ou nas súas proximidades. A integración destas entidades resulta inadecuada nun EIA, xa que impide avaliar de forma obxectiva os impactos sobre os distintos tipos de áreas protexidas e sobre os seus compoñentes, os hábitats. Nas matrices de impacto, establécense dentro da categoría de Espazos Naturais, dous elementos, as "figuras de protección", (en conxunto, cando os obxectivos de conservación dunha ZEPA e un LIC non son 100% coincidentes), e por outro lado a "naturalidade", sen precisar que criterio se seguiu para avaliar a mesma. Non existe nas matrices referencias aos hábitats. En consecuencia non existe unha avaliación de impactos sobre os hábitats.

A adopción deste criterio invalida o EIA.

#### **● Fauna**

No texto restrínxese a fauna ás especies de vertebrados (Conxunto de poboacións de vertebrados, presentes no ámbito de afección da actuación). Esta exclusión é irregular, elúdese a valoración sobre a biocenose de invertebrados e especialmente sobre aquelas especies estritamente protexidas.

Nas matrices dentro da Fauna exclúense igualmente os invertebrados, valóranse unicamente o: Medio terrestre. Hábitats faunísticos e comunidades asociadas. É dicir non se valoran as especies vinculadas directa ou indirectamente cos medios acuáticos, aspecto un tanto estraño nun proxecto que se formula sobre un Humidal Ramsar.

Sorprendentemente, aínda que o EIA non contempla a avaliación dos invertebrados, nas súas conclusións identifícanse distintas afeccións negativas sobre estas comunidades. O procedemento de avaliación é evidentemente irregular.

Non hai un tratamento específico para a fauna protexida presente nas áreas de actuación do proxecto.

A adopción destes criterios invalida o EIA.

### ● **Flora -Vexetación**

No texto indícase dentro do apartado "Vexetación" que se efectuará a análise da "Presenza, estado, e características da cobertura vexetal no ámbito próximo ao areal e lagoa da Frouxeira". Nas matrices procédese a avaliar os impactos exclusivamente sobre a "cobertura vexetal" e sobre as "comunidades vexetais de interese", sen precisar metodoloxía concreta, datos analíticos (comunidades vexetais presentes, grao de cobertura, etc) e menos aínda indicar o criterio empregado para fixar as comunidades vexetais de interese.

30

Non hai un tratamento específico para a fauna protexida presente nas áreas de actuación do proxecto.

A adopción destes criterios invalida o EIA.

### ● **Paisaxe**

A paisaxe restrínxese ao ámbito perceptual. En consecuencia non se avalían os efectos da creación ou transformación das infraestruturas proxectadas (aparcamentos, camiños, sendas, etc), sobre a integridade e interconexión ecolóxica do espazo.

A adopción destes criterios invalida o EIA.

O procedemento de valoración non é obxectivo, minimízanse os efectos sobre os factores avaliados. Así en relación coas accións de depexado e roza previas ás obras de actuación indícase:

*"O impacto será de carácter moderado, ao desaparecer a cobertura vexetal da área desbrozada, afectando significativamente á microfauna. Ao eliminar a capa superior de vexetación que cobre o chan acentuaranse procesos erosivos, se ben a área desbrozada se limitará á superficie que ocupe a senda*

*interpretativa, situada sobre camiños existentes que se deberán acondicionar, así como as áreas destinadas a aparcamentos, que presentan vexetación herbácea".*

Difícilmente se pode argumentar que o impacto "é moderado" cando tras o despexado e roza, cando se procede a alterar toda a biocenose, e cando tras esta actuación o medio resultante nada ten que ver co de partida. A actuación de despexado e roza, seguida da transformación da superficie do chan para a creación dun aparcamento, unha pista ou un sendeiro, é unha afección, crítica, permanente e no caso das biocenoses presentes na Frouxeira, de reversibilidade incerta. Chama a atención que en relación coas actuacións de "despexado e roza" o EIA non faga ningunha referencia aos tipos de hábitats prioritarios ou ás especies estritamente protexidas que se verán afectadas.

Non existe unha identificación concreta dos compoñentes da Rede Natura 2000 (hábitats, especies) en relación coas distintos tipos de áreas de actuación. Tampouco existe unha valoración concreta das repercusións sobre os tipos de hábitats, e menos aínda sobre cada un deles. Con este estratexia elúdese e incúmprese o artigo 6 da DC 92/43/CEE e as normativas que regulan o procedemento de EIA.

## **5.2. - Medidas preventivas e correctoras**

31

Tendo en conta que o proxecto formula a transformación de zonas cara á consolidación de medios artificiais, as medidas preventivas e correctoras, en ningún caso minimizan os efectos negativos que as distintas accións xeran sobre os hábitats prioritarios e sobre as especies protexidas de flora e fauna silvestre.

No apartado de PREVENCIÓN DO EFECTO SOBRE A FAUNA E VEXETACIÓN, asúmese que o proxecto "desenvólvese en ámbitos ecoloxicamente sensibles, debido á presenza de vexetación endémica, ou constituínte dun hábitat particular que debe ser conservado".

Para posteriormente indicar "Non se proxecta a realización de ningún plan de revexetación, debido á escasa superficie afectada, que se considera será repoboada pola vexetación circundante, manténdose así as características intrínsecas das zonas onde se actúa" (Capítulo 8.4 páx 65). **Esta afirmación é totalmente falsa.** Xa que no proxecto se establece a sementeira/plantación de especies alóctonas e autóctonas de procedencia incerta, na zonas de "Praia Pequena da Frouxeira", "Praia Grande da Frouxeira", "Meirás", "Praia dos Botes" e "Faro da Frouxeira". **Esta afirmación invalida completamente o EIA.**

O EIA abre ademais a incerteza sobre a afección sobre áreas lindantes á de actuación cando afirma: "*Para un amplo coñecemento da zona de estudo, deberá realizarse unha comunicación por escrito aos representantes das empresas participantes, que lles informe da prohibición da ocupación ou afección de zonas externas ao ámbito da obra, e a necesidade de preservar na medida do posible, os exemplares de vexetación existentes dentro deste*".

Tamén resulta sorprendente a afirmación de: "*Cando se desenvolvan traballos nas proximidades de zonas sensibles (cordóns dunares, zonas hidrolóxicas, ou en zonas con vexetación de interese, como poden ser as especies en perigo de extinción Rumex rupestris, Linaria polygalifolia e Antirrhinum majus, presentes no ámbito cun nº reducido de exemplares segundo o Atlas e Libro Vermello da Flora Vasculare Ameazada de España, se extremarán as precaucións e se afastará a actividade de obra na medida do posible*". Cando estas especies non se identificaron de forma concreta nas áreas de actuación, e cando a súa protección non se pode reducir polo redactor do EIA en termos de "na medida do posible.

Fóra destas veleidades, non existe no EIA ningunha medida concreta de carácter preventivo ou corrector que permita minimizar os efectos sobre os hábitats prioritarios ou sobre os núcleos poboacionais de especies protexidas.

### **5.3. - Conclusión do EIA**

Segundo os redactores do EIA, "As actuacións que se levan a cabo, as cales foron descritas no apartado 5, pódense cualificar como de mediana magnitude, non presentando un elevado número de impactos significativos que poidan supoñer un risco manifesto de perda dos valores naturais e paisaxísticos da área, nin susceptibles de orixinar molestias sobre a calidade de vida da poboación nin sobre o Patrimonio Cultural do lugar". Constátase a existencia de "riscos" sobre os valores naturais e paisaxísticos. Evidentemente, o procedemento establecido no EIA non permite obxectivamente caracterizar ou avaliar estes. Pero existen riscos significativos.

A constatación de riscos sobre o patrimonio natural non pode ser enfrontada cos supostos beneficios sociais e anímicos xerados pola actuación, máis aínda cando esta avaliación social e anímica se realiza de forma subxectiva. De calquera modo, esta integración supón unha vulneración dos criterios establecidos pola Lei 42/2007 e a DC 92/43/CEE, en relación coa valoración dos plans e proxectos que afecten aos espazos da Rede Natura 2000.